

## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

### **MATRÍCULA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA CURSO ESCOLAR 2025/2026**

O alumnado que desexe cursar estudos no Conservatorio Profesional de Danza terá que formalizar a matrícula correspondente **do 12 ao 30 de xuño de 2025, ambos inclusive.**

- A solicitude de matrícula presentarase segundo o modelo oficial.
- Para o pago da taxa por servizos no Conservatorio de Danza, o alumnado de novo ingreso debe presentar tamén o modelo de domiciliación do recibo. Este modelo ten que vir acompañado por un documento acreditativo tanto da titularidade da conta como da súa correcta identificación.

A taxa por servizos de danza consistirá nunha cota mensual, que será liquidad a mes vencido na conta facilitada durante o curso escolar, que abrangue desde o mes de setembro ata o mes de xuño, ambos os dous inclusive. A cota mensual non é fraccionable. As familias numerosas terán dereito a bonificación.

As baixas no Conservatorio de Danza comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña e producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa.

Os modelos oficiais serán facilitados en formato papel no Conservatorio Profesional de Danza, e estarán dispoñibles para cumplimentar en liña na Sede Electrónica da Deputación da Coruña e na sección “Secretaría” apartado “Matrícula” da páxina web do centro: <https://www.dacoruna.gal/conservatorio-profesional-danza/secretaria#Matricula> (Datos apartado A da domiciliación indicados en “nota aclaratoria”).

Os modelos de solicitude de matrícula e domiciliación bancaria poderán presentarse, no prazo establecido:

A través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña.

Na oficina do Rexistro Xeral do Pazo Provincial: Avenida Porto da Coruña, 2, 15003, A Coruña.

En calquera oficina á que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

### **INSTRUICIÓN PARA REALIZAR A MATRÍCULA**

- **Telemática:** acceso con Cl@ve móvil, DNIE, certificado electrónico, Cl@ve PIN o Cl@ve permanente. A través da Sede electrónica da Deputación da Coruña, onde terán dispoñibles os modelos necesarios de matrícula e domiciliación bancaria para cumplimentar en liña:<https://sede.dacoruna.gal>



→ “Solicitude de matrícula no Conservatorio de Danza”

- **Presencial:** para realizar a solicitude presencial poden solicitar cita previa para a oficina do Rexistro Xeral a través da páxina web da Deputación da Coruña, “Trámites - cita previa”, “Oficina de Información e rexistro”, trámite “rexistro de documentación”: <https://cita.dacoruna.gal/citaprevia/deputacioncoruna>. Tamén poden acudir sen cita previa, neste caso terán que esperar para ser atendidos.

Na oficina de rexistro deberán presentar cumplimentados os impresos oficiais indicados.